



SOCIEDAD DE MONTAÑA

ARTABROS

VETERANOS ACTIVOS

**DE SANDIÁS A ALLARIZ
(Ourense)**



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

VISITA GUIADA AO CASCO ANTIGO

MÉRCORES 4 DE OUTUBRO DE 2023

A RUTA

Esta ruta correspóndese cun tramo do *Camiño de Santiago*, da Vía da Prata.

Comezaremos a nosa andaina en Novaiño onde tomaremos o café no restaurante do mesmo nome. Por unha corredeira, delimitada por muros de pedra seca que atravesa un fermoso bosque de carballos, amieiros e outras especies caducifolias autóctonas, chegaremos a Piñeiro de Arcos.

Continuaremos por Pegas de Cotorro. As fragas prólónganse entre o límite da Limia e de Allariz.

Pasado o núcleo de Coedo, subiremos por un camiño de terra ata a aldea de Torneiros. Adentrarémonos a un fermoso bosque en descenso, ata achegarnos ás casas de San Salvador dos Penedos, onde hai unha sinxela capela románica. Tamén atoparemos un centro de preservación de burros. Esta zona pertence á Reserva da Biosfera Area de Allariz, a 731 m. de altitude.

En forte pendente ascendente, están os restos arqueolóxicos do Castelo de Mouresíños, un asentamento alto medieval no que se poden ver dúas tumbas antropomorfas excavadas na rocha. A este conxunto non subiremos.

Continuamos por un vello camiño ata divisar o V al de Arnoia. Baixando, entre as vivendas de Paicordeiro, chegamos a Allariz, pobo histórico e monumental, estratéxicamente situado enriba do río Arnoia. O devandito pobo foi famoso no pasado polo comercio do coiro e do curtido, utilizando a auga do río no proceso de produción.

Faremos unha visita guiada polo casco antigo deste pobo para quen esté interesada. Prezo da visita, 3 euros por persona.

Distancia: 9,7 km. Desnivel subida 269 m, de baixada 499 m.

Guía: Carmen Filgueira

INSCRICIÓNS

Socios: **3€** - Non socios: **5€**. Faráanse por correo-e, teléfono, ou nas oficinas do club. Haberá que agardar a confirmación da praza para facer o ingreso,

Nº de conta: **ES25-2080 5565 0030 4000 2362**

Clave para poñer na referencia do ingreso: 71200412

HORA E LUGAR DE COLLIDA DO BUS

Sáirse as 9 horas do Pavillón de Deportes de Ria-zor, con paradas en Xoan Flórez, Avda.de Alfonso Molina e Carrefour.

A chegada nos mesmos lugares, salvo os que suban en Xoan Flórez, que baixarán en Catro Camiños.

AS SEGUINTE RUTAS SON:

22 Outubro. Campaña Coñece e Camiña. O Castelo-Vilar de Barrio (Ourense).

4 e 5 de Novembro. Sendeirismo de montaña por A Fonsagrada (Lugo).

8 Novembro. Campaña Veteranos Activos. Ruta dos Pazos-Lalín (Pontevedra)

19 Novembro. Campaña Coñece e Camiña. Fontardiñón-A Mazoca-Fragas do río Eume (A Coruña).

29 Novembro. Campaña Veteranos Activos. Parques e Carballeiras de Santiago de Compostela.

17 Decembro. Mazaricos (A Coruña) Coñece e Camiña e Veteranos Activos. Xantar do Nadal.

DATOS DE ÁRTABROS

R/Santa Tareixa,14-baixo. 15002 A CORUÑA

Teléfono: 981 21 31 15. artabros@artabros.org.

Horario. De luns a xoves de 20 a 22 horas. Vernes de 18 a 20 horas



